

DÍA INTERNACIONAL DAS NENAS NAS TIC

As carreiras tecnolóxicas son para todos

O número de mulleres no mundo da tecnoloxía e informática segue sendo moi baixo

S. PÉREZ

Antes de presentarvos o día internacional que se celebra mañá, 25 de abril, debedes familiarizarvos con dous termos: TIC e STEM. O primeiro deles fai referencia ás tecnoloxías da información e máis da comunicación. O segundo é o acrónimo en inglés dos termos ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. Seguro que xa os empregastes ou escoitastes falar deles, non? Pois ben, é que mañá se celebra o Día Internacional das Nenas nas TIC. E por que?

O motivo desta xornada é que aínda segue sendo moi baixo o número de mulleres que deciden dedicarse ao mundo da tecnoloxía e da informática. E o propósito é motivar as novas xeracións a estudar carreiras tecnolóxicas. O tema deste ano é «Liderado», para subliñar a gran necesidade que hai de modelos femininos nas

carreiras STEM.

Porque as mulleres están case ausentes nos traballos de desenvolvemento de *software*, enxeñaría ou investigación tecnolóxica.

Aínda que hai unha fenda de xénero en postos de liderado en todas as industrias, as maiores taxas atópanse nos campos STEM. As mulleres nas TIC a miúdo desempeñan roles inferiores, lonxe das responsabilidades, e con moi poucas oportunidades para o ascenso. Hai un dato que o confirma: só o 6 % dos directores executivos da industria tecnolóxi-



Ilustración: Pinto & Chinto

ca son mulleres. En Europa, de cada mil mulleres, só 29 se gradúan nalgunha carreira relacionada coas tecnoloxías da información e comunicación. E, delas, tan só catro rematan traballando nun emprego TIC. Tamén gañan menos cartos que os homes, aínda que ocupen os mesmos postos de traballo.

Ante isto, os expertos subliñaron varias causas que poderían explicar por que hai tan poucas mulleres no mundo tecnolóxico. A primeira é a desvantaxe educativa, xa que en países en desenvolvemento é habitual que se priorice o estudo do varón fronte ao da muller. E a segunda é a totalmente falsa crenza de que as nenas e as mulleres non teñen a habilidade necesaria no ámbito das ciencias e das tecnoloxías, senón que se relacionan con habilidades de tipo social.

Mulleres claves nas TIC

Hai referentes ás que mirar. Susan Wojcicki foi a directora executiva de YouTube dende o 2014 ata o ano pasado, cando presentou a súa dimisión. Ou Sheryl Sandberg, á que consideraron a muller máis influente de Silicon Valley. Foi durante 14 anos a directora de operacións comerciais de Meta, unha peza clave, e dende o seu posto loitou para que as mulleres alcancen os primeiros postos na empresa. «Temos que lograr que as mulleres se senten á mesa» é unha das súas frases.

PARA SABER MÁIS

Hai algún referente de muller que traballe no mundo da tecnoloxía e da informática que teñades preto? Poñédeo en común entre todos na aula.